



O FARELO

Nº 70
Outubro de 2022
Prezo: 2 euros

XORNAL CULTURAL PARA O LECER

"Fraternidade e colaboración" no Día de Galicia en Asturias no XXVII aniversario



Páxina VI

Exposición itinerante "100% María Casares. O teatro é o refuxio"



Páxina VII

Os mellores de 2022 brillan no aniversario de "La Alacena Roja"



Páxina IX

Xunta e Concello "humanizarán" O Pereiro de Aguiar



Páxina X

Nova campaña no xacemento de Penas do Castelo, na Pobra do Brollón



Páxina XIII

Recuperación de zonas afectadas por incendios no Courel



Páxina XVI



O Festival Internacional de Teatro de Ourense ofrece espectáculos galegos, portugueses e arxentinos

Páxina VIII

Entrevista



Estrella López: "Todas as judocas temos oído algunha vez o de que o judo feminino nin é judo nin é feminino"

Páxina XI

Nós, a Xente do Redor Nº8 PRÓXIMAMENTE

Subscribete en:

Orixe Publicidade, R/Francisco de Moure 20, Ourense

Tlf. 988 60 70 75, 672 435 891



lámina do pintor "Miguel Coello" de agasallo



Opinión

O Mapamundi

Por Roberto Mansilla Blanco

Labirintos brasileiros

A vitoria de Lula da Silva na primeira volta das presidenciais de Brasil celebrada este 2 de outubro, alcanzando o 48,2% dos votos, cinco puntos porcentuais por riba do seu contrincante e actual presidente Jair Bolsonaro (43,09%) deixa os escenarios absolutamente abertos de cara á segunda volta presidencial a celebrarse o vindeiro 30 de outubro.

As enquisas previas daban a Lula a posibilidade de superar o 50% necesario para evitar a segunda volta. Non obstante, os resultados da primeira volta traducen un país fortemente polarizado, onde o "bolsonarismo", sorte de "trumpismo" carioca, consolídase como unha opción política. O aliñamento de alianzas de cara á segunda volta definirán o próximo presidente, razón pola que a atención estará enfocada en como desnivelará a balanza a opción de Simone Tebet, do Movimento Democrático Brasileiro, que alcanzou o 4,15% dos votos.

O prisma da polarización empana o clima político brasileiro cando a previsible vitoria de Lula anunciaba un feito histórico en chave reivindicativa. Á espera da segunda



"Lula volve, si, pero o Brasil actual xa non é o mesmo que en 2003 cando alcanzou a presidencia"

volta, Lula ten opcións de volver á presidencia. Sendo este o caso, o seu retorno non debería analizarse unicamente dentro do contexto do retorno das esquerdas ao poder en América Latina desde 2019 (Arxentina, Bolivia, Chile, Colombia) senón máis ben da necesidade de recuperar a estabilidade tras anos de vertixinosa crises políticas e institucionais vividas dende o impeachment que acabou en 2016 coa presidencia de Dilma Rousseff (a sucesora de

Lula), da falacia do xuízo político contra o propio Lula e a entronización dun populista de dereitas como Bolsonaro en 2019.

Dende entón, unha esquerda brasileira atomizada e orfa de liderados alternativos "post-Lula" capacitados para confrontar unha presidencia de Bolsonaro lastrada pola demagogia e o revanchismo, veuse na obriga de recuperar ao seu líder histórico. Non obstante, o

panorama do Brasil despois da primeira volta da a entender que o "bolsonarismo" ten migas suficientes para seguir polarizando e radicalizando ao país.

Lula volve, si, pero o Brasil actual xa non é o mesmo que en 2003 cando alcanzou a presidencia co Partido dos Trabalhadores (PT) Lula significa aínda a esperanza de milleiros de persoas que ansían diminuír as desigualdades socioeconómicas, transitar polo progresismo e facer de Brasil unha

alternativa global vía "altermundialismo". Pero Bolsonaro logrou contemporizar unha vía reaccionaria que da a entender dificultades para a gobernabilidade do xigante sudamericano.

Así e no contexto actual, terá capacidade Lula para recuperar a estabilidade dun país aínda lastrado polas desigualdades e inxustizas e que vive o seu momento "trumpista" con Bolsonaro? Difícil panorama toda vez Lula pode aproveitar o revival das esquerdas na rexión pero tamén deberá observar con atención cómo Europa segue marcando o paso dese "trumpismo" global con Giorgia Meloni en Italia, Viktor Orban en Hungría e a dereita cabalgando coa extrema dereita en Polonia e Suecia, polo de agora.

Na 'verdeamarela' bandeira brasileira está escrito o lema "Ordem e Progresso". Visto o contexto actual, Bolsonaro pretende imprimir unha "ordem" con visos autoritarios mentres Lula tenta recuperar o camiño do "progresso" vía democracia participativa. Difícil metáfora que, a todas luces, define dalgún xeito a historia contemporánea de Brasil, un país que sempre será "de futuro", como diría no seu momento o escritor Stefan Zweig.



Por Miguel Ángel Martínez Coello

Lidia Vilariño no Espazo Xove

Durante o pasado mes de agosto, unha nova estrela no mundo da Arte deuse a coñecer no Espazo Xove de Ourense, e sí, dixeran ben... una artista de verdade, que xurde como unha prezada xoia no mundo tan denostado do que se fai chamar arte e que en realidade é unha triste e fatídica farsa.

Lidia Vilariño, chámase así, sen ningún enmascaramento, tal como é, sinxela e clara, como reflexa nas súas creacións.

Lidia ten a humildade do artista que está no bo camiño, porque resolve todas as dificultades coa técnica e o rigor do ensino clásico, algo así como a aprendizaxe necesaria para interpretar as ideas creativas que lle chegan e que a través da técnica,

ten que resolver todo artista que se preze.

Otredad

Con este título presentou unha escolma de unha ducia de pinturas, nas que define con forza a súa capacidade creativa na que amosa a rudeza do mundo cotiá.

As expresións da xente ca que convive surden como dunha fonte de auga fresca que Lidia atrapa de súpeto nos seus lenzos. A ollada dunha muller maior, a reacción dun home ante un prato de comida, o peso da soidade dun personaxe anónimo nun transporte público, uns ratos, unha conversa de mulleres ou o abafamento dunha muller que asfixia a uns pequenos nun vagón dun transporte metropolitano, unha escena policíaca na que seis policías



fortemene armados ameazan a un home en panos menores a saída dun baño ou unha paixaxe urbana sen aparente interese pero que amosa

un claro perfeccionamento da técnica, das cores, da perspectiva e de todo aquilo que ten que saber un artista para facer grandes obras e expresar e darlle vida a un lenzo, e Lidia faino maxistralmente.

Unha das características da súa obra, e precisamente a composición libre na que elixe a ubicación da figura nun plano distinto ao habitual, conseguindo dese xeito darlle unha maior forza a mensaxe e a expresividade da creación. As cores son puras, na procura de grandes contrastes e danlle máis forza e expresividade. Noraboa.



Máis información na nosa web
www.novasdoeixoatlantico.com

Por Avelino Jácome

María do Ceo resoa na Serra do Candán (Unha Andromena dende Aciveiro)

"Se eu soubesse, se eu soubesse que morrendo
Tu me havías, tu me havías de chorar
Por uma lágrima, por uma lágrima tua
Que a alegria, me deixaria matar"
(Amália Rodrigues, "Lágrima")

Aciveiro escoita o Candán deitado, ollando o val, e resoanlle outros cantos de maitines e xaculotarias dirixidas polos "Pedros" os abades que o dirixiron na súa fundación, un cantar espiritual cargado de fe no sagrado, na natureza atenta que erguese ao Deus inmenso, que non habita en templos feitos por humanas mans, se non nas almas que o invocan con fe onde queira que se atopen.

Cando a do Ceo canta, cando canta a María, xunta o ceo coa terra, nun extáse divino a natureza desa Serra cos espíritos dos habitantes; de todos aqueles que agora son, e daqueles outros que xa foron e nunca deixaran de ser. O arroubo fura no sentimento de cada un dos presentes que dentro do Templo Sagrado, escoitan a Sacerdotisa do Fado, entregándose en harmonía, conxurando en melodías, penas e "lágrimas" meniñas lavando nas augas xeadas, mulleres feridas e tamén alegres, paseando polos:

"Verdes são os campos
De cor de limao

Assim são os olhos
Do meu coração"

Cando canta María pasase da risa o pranto, e do pranto a saudade e tanto Xavier Alcalá ou Armando González, aparecen nas xanelas da Igrexa de Aciveiro e fanse presentes nunha enchente de sensibilidade e dozura e os afortunados que escoitamos tamen arrobados, estamos en aplausos coma os tronos nas treboadas, cando a Serra escacha en auga e lostregos, para encher o Deza e



avivecer o Lérez, o Umia e o Verdugo, dando de beber ao mar coma o fado da de beber a dor.

E alí nos atopamos tamen os da Xente do Redor, virando en cada volta que a Fadista daba, e non faltou o recordo a Xana da Ponte, nos versos de Armando outro dos da parroquia dos afectos, con tanta admiración coma respecto

"... unha muller do rural,
que sobresaia a memoria.
Abogada sen papeis
naí, campesina e señora"

E sentade diante min, vin nos seus ollos a emoción, o orgullo da deputada de Forcarei de nome Belén e de apelido "Cachafeiro" moi ben acaído, e lembreime dalgunhas esmorgas na área recreativa do

mesmo nome, e cando a nosa diva dixo que fora a responsable de que viñera neste día ao Mosteiro, xa lle fiqui eternamente agradecido.

Cando viña de volta ollei cara o Asneiro, e coma nun miragre vinte papá, sachando na Leira de Costoia e escoiteiche dicir: "Chiquito, non se trata de ver moito se nón

mais ben de saber mirar" agora vou entendéndote mellor, podemos pasar sen mirar, sen vivir temos que volver a escola para aprender a escoitar e a mirar, foi despois cando me lembrei daquel Cruceiro preto do cemiterio e seguindo o teu consello, mireino paseniño dende o corazón, e escribin un poemiña os ultimos versos din así:

"Preside a fenda da morte
para facernos recordar
que nin a pedra mais forte
pasa a vida, sen mudar.
Que un anaquiño de terra,
ben nos ha de abondar
lembra o Cruceiro na Serra
que vivir e camiñar."

E volvínte escoitar dicir arimado o valado do Prado de Carrón, que "un anaquiño de terra no cemiterio de Ribas do Asneiro, chegariache ben"... Pois nada papá mentres non nós xuntemos, vou desfrutar, voume deixar de Andrómenas e papar un bo churasco no restaurante "A Robleda" cos amigos e a miña Bertiña nos Carballiños, onde ibas ti cas vacas a feira, cantando, vivindo e camiñando...

(Adicada a María do Ceo e os seus músicos, a Xente do Redor en especial os que nos xuntamos no Mosteiro: Miguel Ángel Martínez Coello, Antonia Blanes, Marina Sánchez, Esteban Sánchez Escuredo, Piedad Valencia, Juan Ruibal e o meu amor Berta Dobarro.)



Por Francisco Peña. Científico e académico

Compostela & El Correo Gallego: unha simbiosis que debe perdurar no tempo

O pasado 1 de agosto, El Correo Gallego, a quinta cabeceira máis antiga de España, cumpriu 145 anos de servizo á sociedade e de compromiso con Galicia, e moi especialmente con Santiago de Compostela. Fundado por José María Abizanda y Sanmartín o 01-08-1878 na cidade de Ferrol, a finais de 1936 foi adquirido por Juan Sáenz-Díez García, en 1938 fusionouse co El Eco de Santiago e trasladou a súa sede a Compostela. No ano 1965, Feliciano Barrera Fernández, ponteareano e galego de pro, adquiriu El Correo Gallego para darlle o impulso necesario que o levaría á cima. O 01-12-1967 uniuse

co xornal La Noche, que pertencía a Editorial Compostela, S.A., e a partir de entón comezou a publicarse pola tarde, ata o 27-12-1968 que volveu a publicarse como un xornal da mañá.

Lamentablemente, Editorial Compostela, S.A. veuse obrigada a presentar concurso voluntario de acreedores, declarado o 22-06-2022 pola maxistrada María Salomé Martínez Bouzas, titular de Juzgado do Mercantil nº 2 na Coruña, tendo en conta que acredita o seu estado actual de insolvencia. Unha labor de 145 anos non se pode borrar dun plumazo. Esta nova situación representa un duro golpe para a

familia de El Correo Gallego e para os que nos sentimos unidos a esa querida casa, que conta co meu apoio incondicional e solidariedade, non exentos de preocupación pola incerteza que nos mantén en suspenso, aínda que vexo un futuro de esperanza, xa que unha Compostela futura non se entendería sen o seu emblemático xornal. Espero e desexo que El Correo Gallego saia máis forte desta situación para afrontar novos desafíos nun futuro próximo, a favor de Compostela e de Galicia, desde a independencia, o rigor e a transparencia informativa, tan necesarias nunha sociedade plural, libre e democrática.

Agradecer a toda a familia de El Correo Gallego, o seu esforzo heroico no largo camiño recorrido non exento de dificultades, así como a súa inextinguible acollida e apoio incondicional ao longo de máis de catro décadas de traxectoria académica e profesional, sempre sentín o alento de El Correo Gallego na miña loita a favor da saúde planetaria e a igual dignidade dos seres humanos. Tiven a oportunidade de

colaborar intensamente en diferentes etapas da miña vida como articulista sobre temas de saúde ambiental e saúde pública e outros temas de actualidade e interese social. Por todo isto, quero corresponder con lealtade e eterna gratitude, que é a santa memoria do corazón.

É de xustiza dedicar unhas palabras a un vello amigo e paisano, destacar o seu legado e profunda pegada que deixou na sociedade en xeral e moi especialmente en Galicia e en Ponteareas e naquelas persoas que tivemos o privilexio de ter a súa amizade e consideración persoal. Refírome a Feliciano Barrera Fernández (1918-2012), fillo predilecto de Ponteareas. Alma máter e impulsor do Grupo El Correo Gallego, de corazón bondadoso, persoa feita a si mesma, xenerosos onde están, e de gran altura moral, intelectual e humana.



Opinión

Por Baldomero Iglesias Dobarrio, Mero

Primeiro, os obxectivos

Quizais sexa certo que hai unha ideoloxía española, un modo de ser e pensar, que se distinga ou enfrota a unha ideoloxía galega, con outro modo de ser e de pensar. Quizais sexa cuestión semántica ou de ideario, quizais só de ideas, de cosmovisión. Sobre todo por esa teima que vén de fóra a resistirse a nós, a non comprender nin confiar destinos e liberdades que favorezan a relación: deixándonos ser quen somos.

E metidos, desde séculos, nesa teima de non querer deixar ser, de non comprender os feitos doutra maneira, tamén de non comprendernos, non recoñecernos nunha idea propia e con entidade distintiva, nun exercicio de virtudes de nación para ser, sen ter que ser coma eles necesariamente queren sexamos. Nesa práctica de falar en idioma propio e exercer en Cultura íntegra, que nos pertence, de caracteres identificadores naturais e nosos, abondando neles en paixón aberta -aspecto nunca agraciado nos seus ollos- temos que afirmar que o Estado e a administración que representa, non é pródigo en amores polas nacións que o integran, tampouco polas rexións e comunidades que se encontran en periférica disposición e ao desamparo de ser polo menos consideradas. O cal sería natural exercicio de entendemento, aceptarse e comprometerse. Senón estaremos na inde-

fensión e na ansia de emanciparse soberanas para sabernos libres e prodigarnos. Nesa actitude de non confundirnos senón personalizarnos, de non desequilibrarnos senón harmonizar e quizais fundirse no entendemento que non amosan, sería ben chegar para equilibrar e compensar datos que a historia amosa. Nós non entendemos ese carácter centralizador e manipulador do Estado que desdébuxa as nosas particularidades, que se cre no dereito de dispoñermos e esquece da nosa fortuna en herdanza, da nosa lexítima propiedade que quizais, froito da súa debilidade comprensiva o incapacita para chegar a unha verdadeira transición, non permite a comprensión mutua e a consecución de estadios de maior democracia. Ademais, sigo a pensar, contaxian o seu mal en amarguras, de tal forma que entre nós tamén nos abocamos a centralizarnos e -a un tempo- a globalizarnos, como se fose algo urxente e necesario, algo inaudito e case milagroso.

Seguen alí, no Estado, a burocratizar, a confundir poderes, a unha división de provincias, a unha desigual razón de concordato, a unha xustiza participación de privilexios e suavidades, de excepcións e miramentos, a un feireado de favores. E aquí repítense os mesmos vicios, nese seguidismo que nos fai pensar que os que gobernan non son auténticos, só saben

copiar dos viciados erros do centralismo. Tamén o fan os medios de comunicación e cópianse programas e actuacións. Tamén o fan as músicas e as artes, os códigos de circulación, as medidas racionalizadoras que tentan suavizar problemas e son as mesmas medidas impositivas de escasa variable e de policromía abstracta. Case un obsceno exhibicionismo de salón, toda unha abulia que dá as costas á nosa forma



de ser e de entender o mundo. Nós non temos por que camiñar á par do Estado, estamos sempre dentro das nosas competencia para ser. A non ser, claro, e pode ser o que suceda, que nos obriguem a seguir sendo esas catro provincias do recanto superior oeste.

Todo isto sorprende, mesmo sorprende ver como son moitos os altos funcionarios que veñen do Estado a valernos, a someternos a unha forma de monarquía que non buscamos, a sentirnos afectados pola

deriva dunha extra-polarización de experiencia triste e gris que reivindica un soñado imperio claustrofóbico. Estamos nesta deriva autonomista pero atados polos orzamentos, e vemos que mentes a esquerda fai augas e aluden a dereitos non consideran que eles mesmos deberan empezar por se xuntar para acadar obxectivos e esquecer siglas, coas subdivisións parcelarias. Seguimos a canle nunha deixada situación de copia, que traspasa a nosa ideoloxía galega, de amor propio e nunca reprochable nin ridícula imitación, como estas que vemos alí e acó, de exposición perversa e acentuadamente insolente e escapularia, de invite a tomar cervexas nocturnas nas iluminadas vías centralizadas das cidades, pasmo dun mundo de egos. Todas elas son unha certa vergoña desde esta galega idea que non entende as perdas de tempo, sobre todo cando -lonxe de frases lapidarias e chistes de doada virtude, tan empregadas no poder- hai tanto por facer, aínda que só sexa para lavar a corrupción e a prepotencia, a desigualdade a deshumanización. Nestes pestilentes sumidoiros do mesmo Estado que non entende sequera a súa composición. Lonxe moi lonxe daquel soño de prosperidade estable que todos soñamos e que, por fin, nos entendera. Lonxe do autoritarismo raquítico en favores e ruidos, en competencias do 30%, sendo donos do 100%.



Por Nemésio Barxa.

De montes vizinhos e baldios (2)

Falávamos na nosa entrega anterior da orixe e características dos montes vizinhos em mão comum (semelhante ao dos Baldios em Portugal), evoluir, reconhecimento da propiedade a favor dos vizinhos e legislação vigente, assim como tratar-se de importantes extensões de terreno, maioritariamente arvoradas.

A ambição e cobiça sobre estas terras não se detêm com o reconhecimento legal da instituição e os intentos privatizadores continuam, ficando especialmente no ponto de mira da política do PP, alegando exploração adequada. Ante as diversas posturas existentes entre empresas e políticos relacionados com os montes vizinhos, polos anos de 2.006 e seguintes reunimo-nos um pequeno grupo como "Plataforma cívica para defensa do monte galego" coordenado por Benito Fernández, engenheiro de Caminos C. y P., e daquela Diretor Geral de ENGASA, e eu mesmo, para revisar e atualizar o texto legal e o aproveitamento de

estes montes, elaborando um Manifesto do que demos conhecimento nesse mesmo mês aos grupos parlamentários. Os intentos de revisar, modificar ou melhorar a LMVMC, apresentados polo BNG (2.009, texto que não se chegou a aprovar com o Bipartito) e polo PSOE (2.010) não acadarom as maiorias precisas para sua aprovação. Ante esta paralise o nosso grupo, que não pretendia maiorias senão consenso, aunou a experiência e conhecimento sobre o tema de cada um dos seus membros, respeitando sempre o direito de propiedade comunitária das comunidades vizinhas e as características essenciais, para chegar a redigir um texto articulado completo que pudera ser cerne da nova lei. Este texto foi apresentado às diversas organizações de montes vizinhos e depois das várias reuniões obtivemos um total acordo sobre o texto que poderia ser definitivo se o aceitavam os grupos políticos e que teria a vantagem de que tendo maioria absoluta no Parla-

mento o PP poderia ser aprovado em sede parlamentar sem mais demora. O texto consensuado com os representantes dos montes e aceitado por BNG e PSOE foi apresentado pola Plataforma ao Presidente da Xunta quem considerou que a lei vigente não requeria ser modificada, tal vez porque o texto consensuado não ia polos vieiros privatizadores que os interesses económicos pretendiam. O que podia ser projeto da atualização da Lei de Montes Vizinhos ficou numa gaveta no olvido.

Mas transcorridos mais de dez anos volve o PP na Xunta a tratar de redigir uma nova LMV para o que sibilmente propõe uma chamada "consulta pública" sem publicidade nem tempo, já rematado, para reunir-se com os verdadeiros interessados no monte e conhecer sua problemática que, desde já, é muito diferente da existente nos tempos iniciais e incluso de algo mais de medio século atrás. Não deixou passar esta oportunidade o sempre atento e experimentado Benito Fernández que me alertou da pretensão da Xunta e decidimos apresentar de novo, mediante entrega no Registo do Parlamento, aquele texto con-

sensuado (em reconhecimento as horas de trabalhos pessoais de Benito e mais eu, dos membros da Plataforma e dos membros da Organização de Comunidades de Montes) que poder servir como base á reforma da Lei mantendo os principio jurídicos e de propiedade básicos, com as modificações que o tempo transcorrido aconselhe para uma mais adequada exploração, que criaria riqueza, emprego e fixaria população no rural.

Pretendo com este artigo concienciar á sociedade da importância que tem para a economia galega a existência e adequada exploração de estes montes e respeitar tanto o direito de propiedade que desde tempo imemorial corresponde aos vizinhos como as características essenciais dos mesmos. A privatização só implicaria (alem de injusta) um incremento no empobrecimento do rural e dependência de firmas depredadoras da produção florestal e medio ambiental.

Quinta do Limoeiro, setembro de 2022.



Por Isidoro Gracia Plaza

Cambio climático, Tecnoloxía e Supervivencia

En 1987, por encargo da ONU, unha comisión, encabezada pola doutora Gro Harlem, realizou un informe, que se titulou “O noso Futuro Común”, redactouse por un Grupo Intergubernamental de Expertos sobre o Cambio Climático e os Límites do Desenvolvemento Sostible, avanzou en certezas incompletas, pero puxo de manifesto que o uso da actual tecnoloxía é, á vez, núcleo do problema e a solución. En resumo, avanzaba que os humanos consumíamos máis recursos de todo tipo do que o planeta Terra era capaz de fornecer ou rexenerar, mesmo co apoio das mellores tecnoloxías. Especial énfase poñía no tema enerxía sobre o que se chegaba a afirmar, case literalmente: “A esta data non existe ningunha fonte, nin ningunha combinación de fontes coñecidas, capaz de subvenir as necesidades humanas para obter un grao de benestar global adecuado”.

Posteriormente sucedéronse distintos informes e actualizacións (creo que imos pola VII) que foron constatando datos e coñecementos científicos, pasando desde unha valoración do impacto humano dunha cualificación nun nivel de confianza medio a unha afirmación radical de que as actividades humanas son responsables dun quecemento do planeta nuns 1,1° graos centígrados desde o período 1850-1900 ata a actualidade.

Máis alarmante é o feito de que o estudo predice que se espera que a temperatura global alcance ou supere os 1,5 °C ou máis de quecemento nos próximos 20 anos.

Para aproximarse polo cidadán medio ao debate sobre o “Cambio Climático”, cun mínimo de racionalidade, é necesario ter algunha idea clara nalgunhas cuestións cuxa veracidade ou pertinencia están acreditadas. Dous feitos parecen estar acreditados: o aumento paulatino da temperatura da atmósfera do planeta e o aumento acelerado nesa atmósfera do contido do car-

bono, tanto como dióxido de carbono (CO₂) como en forma de metano (CH₄), así como do óxido nítrico (N₂O); tamén parece acreditada a existencia dalgunha

relación entre os dous feitos. A pesar dos esforzos do Panel de Expertos por cuantificar o papel dos océanos, ou da variación da radiación solar, estaban segundo a súa linguaxe: nun nivel de confianza baixo, incluso o impacto á baixa producido polas erupcións volcánicas, que se sitúa no curto prazo despois das erupcións, polo que está menos acreditado que a actividade humana sexa a causa principal, do aumento da temperatura (toda a actividade humana impacta nunha pequena fracción dun ciclo no que está implicado menos do 5% do carbono total existente no planeta) pero é esa actividade humana o único factor sobre o que podemos actuar, para controlar que os danos non nos leven á catástrofe total e global.

É pertinente e clara a necesidade de programas de aforro enerxético, aínda cando non existisen indicios do cambio climático, é unha decisión de mera supervivencia para as xeracións futuras. Tamén está acreditado que sen o uso de tecnoloxías duras e in-

tensivas en enerxía, abonos e pesticidas, a capacidade de soste o actual volume de poboación sobre o territorio habitable, en condicións de benestar, reduciríase drasticamente. Á vista da evolución dos problemas, tamén xa é evidente que o uso deste tipo de tecnoloxía é imprescindible para garantir auga potable. Pero o sentido común indica que os límites para o uso desas tecnoloxías hai tempo que foron excedidos, en amplas zonas do planeta.

dario do seu uso, polo menos que quen defenda algunhas posicións, mal denomina-

das ecoloxistas (o home como especie forma parte da ecoloxía), convénzame da bondade do método que habería que utilizar para seleccionar os millóns de persoas que sobrarían



O caso de Europa

Uno deses clubs de científicos creados para proxectar o futuro realizou un informe sobre a poboación europea, que os recursos naturais do territorio poderían manter, en condicións de desenvolvemento sostible e benestar, co mellor uso das tecnoloxías brandas que se dominaban no último tramo do século XX; a conclusión foi que a poboación supervivente sería moito menos da metade da entón existente. Hai estudos que establecen o límite aínda máis abaixo.

Consecuencia da escaseza de recursos sobre territorio europeo (a título de exemplo a totalidade de recursos de gas e petróleo existente no noso territorio só chegan para o 5% das nosas necesidades) é que as decisións, normalmente impulsadas desde a UE para evitar situacións irreversibles, sexan sempre limitativas. Así pois, parece acreditado que en Europa non podemos prescindir do uso das tecnoloxías duras e intensivas. En consecuencia, gústeme pouco ou moito, son fervente parti-

na Unión Europea.

Pero ou se consegue que USA, China, India e outros grandes consumidores de recursos acepten a filosofía de conservación e reversibilidade, ou as previsións case apocalípticas dos informes: incremento de temperatura, perda das masas de xeo, subida catastrófica do nivel do mar, desestabilización do clima, etc., serán, tal e como se indica, inexorables e irreversibles.

A modo de conclusión

Non servirá de moito, cara á supervivencia da civilización, tal e como hoxe entendémola, que Europa, USA e outras zonas desenvolvidas exportemos a África, ou a outras zonas xeográficas pouco desenvolvidas o que nos molesta e sobra: as tecnoloxías menos eficientes e os residuos que elas xeran. Ao contrario, faríamos ben en pensar en compartir as tecnoloxías, que demostraron que poden reverter algúns dos efectos máis danosos e das que dispoñemos no mundo, quizá mal chamado, desenvolvido.

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

36860 PONTEAREAS - GALIZA - T. 658 58 50 49

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias

publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Hernández e departamento propio

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo – **CANARIAS:** Fco. Puñal

Fotografía: Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex – Ortifus (España) – Omar Pérez (Galicia) – Mauricio Parra (Colombia) – Cébula (Polonia) – J.Bosco e Fernández (Brasil) – Marlene – Pohle (Arxentina) – Guy Badeaux (Canadá).

Depósito legal: VG-14/2017



**Xornal Cultural
para o Lecer**

Redacción

“Fraternidade e colaboración” no Día de Galicia en Asturias no XXVII aniversario

Román Rodríguez, conselleiro de Cultura, Educación, FP e Universidades participou en Oviedo na imposición de insignias de ouro e na entrega de diplomas de honra aos empresarios Adolfo Domínguez e Orlando Alonso con motivo da celebración do “Día de Galicia en Asturias”. O político galego valorou o “sentimento de irmandade” entre Galicia e Asturias e chamou a reforzar os lazos históricos que unen ambas comunidades desde o punto de vista social, cultural, e tamén económico “a un e outro lado do Eo”.

Román Rodríguez, que asistiu representando ao Goberno da Xunta, agradeceu o labor da Asociación Día de Galicia en Asturias, que preside o ourensán Manuel Fernández Quevedo (Loureiro. Nogueira de Ramuín), impulsora deste evento anual que representa “a fraternidade e a colaboración”. Sentimentos que tamén inspiran as traxectorias dos galardoados nesta edición, o deseñador e em-

presario ourensán Adolfo Domínguez e do presidente executivo de Windar Renovables, de Avilés, Orlando Alonso, que -en palabras do conselleiro- “reúnen os valores que marcan a nosa forma de ser como é a creatividade, a capacidade de traballo e o espírito emprendedor” e “nunca deixaron de levar con orgullo o nome de Galicia e de Asturias por todo o mundo”.

A este 27 aniversario da asociación asistiron Alfredo Canteli, alcalde de Oviedo xunto á corporación municipal e Juan Cofino, vicepresidente do Principado de Asturias. Tamén participaron nos actos Pablo Junceda, director xeral do Banco Sabadell Herrero; Jesús Chamorro, presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Asturias; Emilio Esteban, xefe de Oncoloxía do HUCA; José Manuel Granda, presidente do Centro Asturiano de Oviedo e a alpinista Rosa Fernández.

A Real Banda de Gaitas Ciudad de Oviedo deu a benvida aos homenaxeados e a todos os invitados,

tanto na porta do hotel Reconquista, como no seu interior. Tras a entrada e os saúdos entre as diversas personalidades, comezou o acto nun dos salóns do hotel. O primeiro en recibir aos asistentes foi o alcalde de Oviedo. “Este non é un acto máis, é o reflexo de anos de intenso traballo, esforzo e dedicación”, asegurou. Un labor, a da asociación, para “conectar Asturias e Galicia”. Ademais, o rexidor ovetense enxalzou a figura de ambos os premiados: “Representan o mesmo nivel e compromiso coas súas comunidades que excelencia empresarial”.

Pegada indelebre

O “enorme arraigamento” ás terras que viron nacer a Domínguez e Alonso tamén foi remarcado en varias ocasións durante o acto. E chegou a quenda de que Manuel Fernández Quevedo entregase as insignias de honra e o carné de socios de honra a Adolfo Domínguez, primeiro, e a Orlando Alonso, despois. “Teño unha relación moi estreita con Asturias, viña polo



Manuel Fernández Quevedo, Juan Cofino, Orlando Alonso, Adolfo Domínguez, Alfredo Canteli e Román Rodríguez.

menos unha vez cada ano”, asegurou o modisto ourensán que resaltou figuras como a de Luís Fernández Vega e a libreira Conchita Quirós. Mentres, Orlando Alonso definiu a Galicia e Asturias como “dúas terras cunha pegada indeleble; dúas comunidades con valores en común, con mirada no exterior”.

Manuel Fernández Quevedo, referíndose aos homenaxeados, dixo que “nunca se esquecen das súas raíces galegas ou asturianas”. Fernández Quevedo recibiu unha distinción por parte da Asociación Vítimas do terrorismo que foi entregada por Ana Díaz, delegada en Asturias de dita asociación. Tina Gutiérrez e Antonio Barros

interpretaron os himnos de Asturias e Galicia.

O colectivo de galegos residentes en Oviedo celebrou tamén o anual acto empresarial asturgalaico na sede da Cámara de Comercio de Oviedo e un concerto en homenaxe ao pobo ucraíno no Auditorio Príncipe Felipe da capital do Principado coa participación de Yuri Nasushkin cos seus músicos e o cantante Antonio Barros. De noite servíuse unha queimada de balde na carpa que a asociación tivo instalada durante dez días na rúa Picasso na que se desenvolveron xornadas gastronómicas. Na catedral celebrouse unha misa cantada pola soprano Tina Gutiérrez.

Gargalladas, exposición dos Artistas Plásticos Galegos

Por Avelino Jácome

Do 1 ao 15 de outubro, o Liceo de Ourense acolle a exposición colectiva da Asociación de Artistas Plásticos Galegos (ARGA), que co título Gargalladas, presenta a obra de varios artistas. Son obras de preto de cuarenta autores que fan un amplo abano estético para goce dos visitantes. Para que nos fale polo miúdo deste encontro conversamos co mestre Paco Ascón. **Qué imos atopar nesta mostra colectiva?**

ARGA é unha das asociacións de artistas plásticos máis importantes na actualidade e forman parte dela os mellores artistas do momento. Vénse a presentar neste templo da cultura que é o Liceo de Ourense, unha pequena mostra do seu traballo.

Gargalladas, un nome suxerente, qué nos podes contar?

Gargallada, é como sabedes unha risotada. Pensabamos que dados os tráxicos momentos que estamos a vivir e os que aínda nos quedan por vivir podíamos soltar una gargallada aínda que só quede nun sorriso.

Novamente o Liceo, como marco. Qué ten de máxico este espazo?

Como xa dixen O liceo afortunadamente segue a ser un extraordinario templo da cultura a pesares da desfeita cultural que están a levar a cabo algúns poderes públicos.

Son moitos nomes e moitos estilos. Qué nos dís dos teus compañeiros nesta exposición?

Nesta ocasión, a nosa asociación vese representada por máis de 30 artistas de diversas técnicas e tamén de distintos estilos. Permitírame que non faga distinción entre eles, pois o quen ten que facer a súa valoración son os vi-

sitantes a quen recomendo a súa asistencia pois ésta é unha ocasión de disfrutar de Arte de primeiro nivel.

Tantos nomes implica distintas temáticas ou elixistes algún tema común?

Neste caso a nosa executiva decidiu, con bó criterio, dar plena liberdade aos artistas en canto a temática limitando únicamente as dimensións para adaptarnos ao espazo expositivo.

E das túas qué obras imos atopar?

Como xa dixen, o espazo expositivo do Liceo é limitado, polo tanto tamén o é o número e nas dimensión das obras que cada un de nós mostrará; a niña representa un dos rincóns da cidade que non quero desvelar antes da inauguración.

Cómo se poden adquirir as obras?

Haberá na propia exposición



un taboleiro de anuncios onde se explicaran as distintas opcións que terán os potenciais compradores para adquirir as obras. Ésta é unha magnífica e única ocasión para disfrutar da arte deste magnífico grupo de artistas galegos, e afincados en Galicia, que teñen a honra de mostrar os seus traballos nesta cidade, que sempre foi berce de grandísimos artistas en todo los campos das artes. Que será un placer para os propios artistas presentar persoalmente a súas obras o día 1 de Outubro, que permanecerá exposta ata o 15.

Quénes participan?

Cristina Seisdedos. Paco Ascón. Charo Blanco. Sofía Cabrera. Rosa Guisán. Maica Alonso. Álvaro Carracedo. Francis Marrouch. Ángeles Jorreto. Patricia Jorreto. Manuela Castro Cebreiro. Cristina Sánchez Estévez (escultura). Isabel Seidel. Novais. Francisco García Ibarra. Javier Garaizabal. Marga Santiago. Ana Fernández. Carmen Torreiro. Ismael Gallego. Camucha Vázquez Prats. Pilar Fandiño. Nito Pereira. Eva Galán. Nuria Vilalnova. Carmen Pernas. Lola Uriel e Marité Faginas.

Exposición itinerante “100% María Casares. O teatro é o refuxio”

Anxo Lourenzo, director xeral de Cultura, inaugurou na estación de tren de Ourense a exposición itinerante “100% María Casares. O teatro é o refuxio” promovida pola Xunta de Galicia no marco da conmemoración do centenario da actriz.

Lorenzo destacou a importancia desta mostra que está a permitir que se divulgue a figura e legado da actriz por todo o territorio. “María Casares foi unha das grandes imaxes do teatro galego, español e europeo e esta mostra permitirlle a todo o mundo coñecerla máis e darlle á artista a visibilidade que merece”, expresou.

Así mesmo lembrou que esta iniciativa enmárcase na programación que durante todo este ano está levando a cabo o Goberno galego para homenaxear a María Casares no seu centenario cun amplo abano de actividades que inclúe exposicións, conferencias, proxectos escénicos e audiovisuais, entre outras propostas.

Comisariada por Arancha Es-



A exposición na estación intermodal de Ourense.

tévez Lavandeira, a mostra arredor de cinco grandes paneis situados en forma de estrela. Impresos por ambas caras, tratan diferentes temáticas arredor de María Casares, tanto de carácter persoal como profesional que inclúen a súa familia, a Segunda República e os primeiros lugares de residencia da actriz: A Coruña e Madrid. Tamén se afonda no exilio a París, na súa experiencia na gran pantalla, na relación con Albert Camus e na súa entrega ao teatro.

O percorrido continúa pola ma-

durez da artista, o seu retorno a España nos anos 70 e o seu legado e recoñecementos. O panel elixido como epílogo, “Con Galicia quero estar en desorde”..., céntrase na conversa de María Casares, dous anos antes da súa morte, co escritor e xornalista Manuel Rivas en París.

Tras o seu paso polas principais rúas de Santiago de Compostela, Ferrol, Vigo, Lugo e Ourense, seguirá o seu percorrido ata Pontevedra, onde rematará a súa itinerancia o 2 de novembro.

Yolanda Castaño gaña o Premio González Garcés de Poesía



Aobra presentada baixo o título “As falsas autónomas”, que unha vez aberta a plica resultou ser da autoría de Yolanda Castaño, é a gañadora do XXI Premio González Garcés de Poesía da Deputación da Coruña.

No seu informe, o xurado valorou “o tratamento temático das vidas precarizadas, facendo fincapé no eido laboral e cultural desde unha marcada perspectiva de xénero”. Indica, ademais, que considera “positiva a orixinalidade do tema, escasamente abordado na poesía galega.”

No plano formal, salienta “a ironía no discurso, as referencias meta-literarias e a pericia na construción do poema”

Yolanda Castaño (Santiago de Compostela, 1977) é poeta, filóloga, tradutora, videocreadora e xestora cultural e agora convértese na última incorporación á nómina de gañadoras do González Garcés de Poesía da Deputación da Coruña entre as que se contan nomes como os de Lupe Gómez, Daniel Asorey, Eli Ríos, Lorena Conde, Luz Pozo Garza, Xosé María Álvarez Cáccamo, Marta Dacosta ou Estevo Creus.

A Xunta é responsable do funcionamento da Biblioteca e o Arquivo Histórico

Román Rodríguez, conselleiro de Cultura, visitou o Arquivo Histórico Provincial de Ourense xunto co ministro de Cultura e Deporte, Miquel Iceta, onde celebrou que os sucesivos gobernos mantivesen o compromiso coa renovación dos equipamentos culturais de Ourense.

A posta en valor e mellora do Arquivo, xunto coa Biblioteca Pública Nós e o Museo Arqueolóxico da cidade ourensá teñen sido unha reivindicación “xusta e razoable” do municipio e os seus veciños para contribuír a incentivar a súa riqueza histórica. Unhas reivindicacións nas que, como indicou, a colaboración institucional foi fundamental.

Fixo mención aos primeiros contactos, hai máis dunha década, da Xunta de Galicia co Goberno central para avanzar nestes pro-



O ministro de Cultura visitou a Biblioteca e o Arquivo provinciais.

xectos que foron recibidos “cunha xenerosidade que se mantivo intacta no tempo logo de seis ministros de dous partidos distintos”. “Entre todos os implicados logramos desatascar cada iniciativa para definir hoxe un circuío ourensán especialmente diverso na súa actividade cultural”, dixo.

A Xunta realiza un investimento anual para o funcionamento e

programación da Biblioteca e do Arquivo de Ourense de 1,8 millóns de euros, dado que é a responsable da súa xestión, persoal e actividade. No caso do Museo Arqueolóxico, Román Rodríguez confiou en que o Ministerio realice as accións necesarias para lograr axilizar os traballos de rehabilitación da súa sede para que estean listas o ano que vén.

“Coñece os Camiños” en Paradela

AOrde do Camiño de Santiago celebrou cinco xornadas multidisciplinares en distintos concellos, sumándose ao programa O Teu Xacobeo, impulsado pola Xunta de Galicia.

Cada unha das xornadas que conforman “Coñece os Camiños”, constou dun panel de conferencias sobre o Camiño de Santiago e o Xacobeo, unha actuación folclórica e musical, seguida dunha degustación gastronómica de produtos da localidade e unha visita cultural aos lugares máis emblemáticos de cada zona.

Esta terceira edición iniciouse o 17 de setembro cunha xornada dedicada ao Camiño Francés no Concello de Paradela.



O Festival Internacional de Teatro ofrece espectáculos galegos, portugueses e arxentinos

A XV edición do Festival Internacional de Teatro de Ourense (FITO), ofrecerá do 13 ao 23 de outubro, en distintos escenarios da capital, 11 espectáculos producidos por compañías galegas, ademais da presenza de grupos procedentes de Portugal e Arxentina.

Jacobo Sutil director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) asegurou que “os festivaís que temos en Galicia crean un ecosistema escénico do que o FITO é unha parte imprescindible pola súa capacidade de difusión da produción galega, aínda que tamén con outras propostas de fóra de Galicia, nun labor de reivindicación da cultura e promoción de compañías emerxentes”.

Olga Mojón, directora do Teatro Principal, valorou pola súa banda a oportunidade que este festival brinda á cidadanía “para gozar da cultura”, destacando que chegar á edición número quince “demonstra o interese pola supervi-

vencia de proxectos culturais que, ano tras ano, teñen espazo no Teatro Principal”.

Antes de detallar a programación, Fina Calleja, directoral do festival, expresou a súa satisfacción “pola volta á normalidade” do festival, agradecendo á Deputación de Ourense e ao Teatro Principal a súa colaboración para “ofrecer espazos dignos que estean á altura dos artistas que desexan exhibir as súas propostas”. Un capítulo de agradecementos no que incluíu ao Centro Cultural Marcos Valcárcel, o Liceo de Ourense, Mur Marxinal e o colexio Maristas, que tamén acollerán espectáculos dun FITO “con moitísima variedade”.

Programa

Xa desde o día 12 de outubro haberá teatro de rúa diario, a partir das 12.30 horas, coa compañía galega A Run Run e o espectáculo Fitomozas”. A primeira produción á escena, o día 13 no Teatro Principal, leva por título

As que limpan, do grupo A Panadaria. Tamén no mesmo lugar seguirán o día 14 os portugueses de Artimagem con Especies Lázaro; e o 15 de outubro Alma de Tigre de Elefante Elegante. Ao día seguinte o Circo Chosco representará Oh-pera no patio do colexio Maristas.

O día 18 está reservado para a segunda edición da iniciativa 67 graos Ourense Fervescénica, que ten como obxectivo da visibilidade aos creadores emerxentes, abrindo a artistas de toda Galicia. O programa convoca 4 bolsas, unha delas de 500 euros e as restantes de 250, incluíndo ademais o premio extraordinario do público para a proposta mellor valorada polos asistentes. A convocatoria para participar nesta edición estará aberta desde o 5 de outubro. A programación continúa do día 19 no espazo Mur Marxinal con Ragazzo, de Barrosanta; na seguinte xornada está prevista a estrea absoluta de Uxía Morán con In-



A presentación do festival foi no Teatro Principal.

gobernable. O Liceo acolle o día 21 Pirolíticos, de Mofa e Befá; seguindo coa compañía arxentina Sutottos e o espectáculo Perdón. Pechará esta edición do festival Ibuprofeno Teatro con Smoke on the water.

O horario das producións será sempre ás 20.00 horas, agás o domingo 23 que será ás 19.00. As entradas, xa dispoñibles en ataquilla.com e no propio teatro

dúas horas antes de cada función, terán un prezo de entre 9 e 4 euros.

Ademais, a XV edición do FITO inclúe actividades paralelas como a presentación de dous libros: Panderama, do dramaturgo e crítico Alfonso Becerra; e Antoloxía do Teatro Galego editado por Cena Lusófona, asociación portuguesa para el intercambio cultural.



Redacción OURENSE

Os mellores de 2022 brillan no aniversario de “La Alacena Roja”

A revista especializada en gastronomía “La Alacena Roja” celebrou o seu noveno ano de vida no hotel Oca Vila de Allariz (Ourense). Celebrou un encontro con clientes e amigos que serviu como escenario para a entrega dos premios ás mellores iniciativas turísticas e gastronómicas do último exercicio.

No transcurso do acto procedeu-se á entrega dos premios a ‘Os mellores de 2022’ nas categorías ‘Do comer’, ‘Do beber’ e ‘Do viaxar’. A partir dunha lista de candidatos nomeados polo equipo editor da revista, en función da traxectoria e méritos dos mesmos, un xurado mixto (popular e profesional) foi o encargado de elixir os mellores en cada categoría.

Premiados e xurado

Na categoría Do comer impúxose “Bonilla á vista”. Os outros tres finalistas foron as Escamas de congrio de Lemar, o restaurante asador Os Abetos e o chef Moncho Méndez. Na categoría Do beber o premio foi para a D.O. Ribeiro. Os outros tres finalistas foron a catadora Elisabet Castro, Prómine Singular e Vide, Vide. Na categoría Do viaxar o gañador foi 17º Ribeira Sacra Festival. Os



Nava Castro, directora de Turismo da Xunta, con responsables da revista.

outros candidatos desta categoría foron Discamino, o Museo de Pontevedra e Viñetas desde o Atlántico.

Formaron o xurado profesional na categoría ‘Do beber’: a catadora e formadora Mercedes González; o catador e distri-

buidor Juan Ignacio Ayerbe; o catador, hostaleiro e formador Juanjo Figueroa e o xerente de Adegas La Val, Fernando Bandeira. Na categoría ‘Do comer’, os xurados foron: o reposteiro e formador Manuel Garea; o director do CFP Com-

postela, Ramiro Esparís; o cociñeiro e presidente do Grupo Nove, Daniel Guzmán e a directora de marketing de Aceites Abril, Elena Pérez Canal. Na categoría ‘Do viaxar’, participaron como xurados profesionais: Joaquín San Martín Zamácola, doutor en Dereito Público e ex inspector turístico; a xerente do Inorde, Emma González; a consultora turística Minia do Río e a xerente do Roteiro do Viño Rías Baixas, Lorena Varela.

O acto finalizou cun cóctel no que participaron varios membros de Cociña Ourense co chef Gerson Iglesias á cabeza, que contou coa colaboración das seguintes casas comerciais e entidades: Inorde, Concello de Allariz, Hotel Oca Vila de Allariz, Adegas Vía Romana, Algar-Mar de Ardora, Ánades Galicia, Anfaco, Adegas Alberto Cábaco Mariño, Bonilla a la vita, Café Dromedario, Cárnica Teijeiro, Coca-Cola, Congalsa, DOP Arzúa-Ulloa, DOP Queixo Teto, DOP San Simón da Costa, Estrella Galicia, Galletas Daveiga, IGP Tenreira Galega, Posada Marrón Glacé, Porto de Celeiro, Tawi, Tenrura S.L., Vinigalicia e Xearte Brigitte.






Adega Vella

Eirexa 14, ABELEDA.
32765 A TEIXEIRA – Ourense.
Tfnos. 606807897 - 660047602
info@adegavella.com

Ribeira Sacra
Grande Regulador Denominación de Origen





Restaurante
Portovello
ALLARIZ

ORO Y PLATA

+25 años a su servicio

Sto. Domingo 37, Entresuelo, Ourense
enfrente confitería

988 232 903

jba
servicios inmobiliarios

info@jbainmobiliaria.com
988 10 20 75
www.jbainmobiliaria.com

MERCERÍA CRUZ

Rúa Dr. Marañón 1
Ourense
988 049 333
625 484 781

Orixe
PUBLICIDADE E COMUNICACIÓN

Diseño · Imprenta
Rotulación · Eventos

Francisco de Moure 20 • Ourense
988 60 70 75
www.orixepublicidade.es

Xunta e Concello do Pereiro de Aguiar “humanizarán” a capitalidade municipal

A Xunta de Galicia e o Concello do Pereiro de Aguiar invisten 167.715 euros en obras de mellora e humanización da capitalidade municipal, segundo anunciou a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez. Durante unha visita á zona na que se actuou, a conselleira salientou que esta actuación permitirá que o ámbito delimitado pola rúa Grande, a praza do Concello e o camiño Baralongo teña unha aspecto renovado e integrado coa paisaxe, ademais de ser unha zona moito máis funcional, aberta e accesible aos veciños.

Os traballos consistirán no



Visita da conselleira á zona afectada polas obras.

soterramento das instalacións e das conexións á vivendas, a instalación dunha rede de sumidoiros separativa, a substitución do pa-

vimento por outro máis acorde á contorna -formigón e lousa de granito-, e a instalación de iluminación e mobiliario urbano.

Semana da saúde no Pereiro

O Pereiro de Aguiar celebrou do 26 ao 30 de setembro a súa primeira Semana da Saúde, unha actividade organizada polas profesionais de Atención Primaria deste centro, que busca implicar á poboación no coidado da súa propia saúde. O obxectivo é facer comunidade saíndo das consultas, achegándose ás persoas e ás familias, nun concello moi disperso e con moitas pequenas poboacións, ás que pretenden chegar para darse a coñecer e detectar as súas necesidades en materia de saúde e coidados.

Para esta iniciativa, que nace con vocación de continuidade, organizáronse unha serie de charlas nas que participaron ademais das profesionais de enfermería do centro de saúde outros profesionais da contorna, como o cociñeiro e estrela michelin Mi-



Participantes no programa de saúde.

guel González. Os temas elixidos foron de actualidade desde a perspectiva da saúde integral e o benestar emocional, “pedindo a colaboración de moita xente”, como explicou Ana Parada, enfermeira e unha das organizadoras da actividade, que contou tamén co apoio do Concello do Pereiro.

O programa arrincou con José Antonio Fernández, educador social en Renacer, que falou sobre prevención do ictus e do dano cerebral adquirido. A psicóloga Ana Núñez, directora do

CIM, pronunciou unha charla sobre a xestión emocional a través do mindfulness. O mércores houbo un taller de cociña saudable con Paula Castrillo, máster en nutrición, e o cociñeiro Miguel González. O xoves, as enfermeiras Fina Castro e Ana Isabel Parada explicaron as boas prácticas non coidado do ancián fráxil; e pechou a matrona Vitoria Pérez cunha sesión sobre atención integral durante ou ciclo vital das mulleres, saúde sexual, reprodutiva e climaterio.

Escolas deportivas do Pereiro

O noso Concello volta cada día un pouco máis a normalidade post-pandemia e retomamos actividades que se viñan levando a cabo así como poñemos en marcha outras novas facendo que Pereiro sexa un concello

moi vivo grazas a resposta e a iniciativa dos seus veciños” asegura o rexidor Luís Menor Pérez.

O deporte neste concello é unha das sinais de identidade. E sobre todo o apoio ao deporte base que cada día medra máis

no Pereiro. Arredor de 300 nenos están inscritos en algunhas actividades das que se organizan nas escolas deportivas e cada ano aumenta máis o número. Estes días están en plena actividade as seguintes: Fútbol, baloncesto, balonmán e ciclismo.

Programa de envellecemento activo nos Gozos



Actividades no centro de maiores dos Gozos.

O Concello do Pereiro de Aguiar pon en marcha o programa de envellecemento activo e prevención da dependencia no centro de maiores dos Gozos. As actividades son posibles grazas a un convenio asinado coa Consellería de Política Social e permitirá aos maiores dispoñer dunha gran oferta. Cun horario amplo e flexible, durante todo o día, desenvolveráse a actividade que serán totalmente gratuítas para as persoas participantes.

O programa está dirixido a

persoas dependentes e non dependentes que perciban a necesidade de mellora nas diferentes áreas cognitivas, funcionais e psicosociais ofertadas nas actividades propostas dende o centro. Tamén ás persoas coidadoras como centro de información, asesoramento e formación.

En paralelo “continuamos cos trámites administrativos para poñer en marcha o centro de día que complementará todas as actividades deste programa que agora se pon en marcha” dixo o alcalde.

Día da bici por Cachamuíña



Percorrido a carón do encoro de Cachamuíña.

O día 15 de setembro O Pereiro de Aguiar celebrou o día da bici. A marcha descorreu con total normalidade dende o praza do Concello ao encoro de Cachamuíña con volta ao punto de partida onde se entregaron agasallos aos participantes e se fixeron diversos sorteos. Encabezou a marcha un dos deportistas máis famosos: Alfonso Junco que protagonizou a volta a península ibérica pola costa saíndo e chegando a Pereiro.

“O éxito desta edición fai prever importantes cambios para as seguintes edicións e así poder atender o extraordinario aumento de participación e fomentar que a práctica deste deporte sega a medrar no noso concello da forma tan satisfactoria que o está a facer,” sinalou o alcalde Luís Menor. O alcalde refírese á posta en marcha dunha escola de ciclismo e a creación dun mini circuito de BTT son realidades moi avanzadas.

Por Moncho Mariño

Estrella López: "Todas as judocas temos oído algunha vez o de que o judo feminino nin é judo nin é feminino"

Estrella López é unha judoca da Coruña que participará o vindeiro 6 de outubro no Campionato Mundial de Judo en Uzbequistán, unha proba clasificatoria para os Xogos Olímpicos de París en 2024. López ocupa o 14º posto dentro

da clasificación mundial despois de quedar terceira no Grand Slam de Tblisi (Georgia). Desde o mes de xuño vén realizando, xunto con outros e outras judocas galegas, o percorrido de dous anos que inclúe as probas clasificatorias para as Olimpíadas.

-Formas parte do Judo Club UDC. En cantas categorías se divide a competición de judo en Galicia e no resto de España?

En judo competimos por unha banda por categorías de idade: infantil, cadete, junior e senior. Tamén competimos por categorías de peso. Hai sete pesos para as mozas e sete pesos para os mozos.

-Como se desenvolve esta competición?

Existen un campionato galego onde te clasificas para o sector oeste, onde compiten os mellores das autonomías do oeste de España. Os mellores deste campionato clasifícanse para o campionato de España.

-Cal foi o motivo para escolleres esta disciplina deportiva?

Os meus pais apuntáronme a judo no colexio, porque era unha moza moi movida e con moita enerxía. Querían que os valores do judo formasen parte da miña educación. O meu irmán maior xa o facía e facilitou as cousas.

-Describe como foi a túa carreira deportiva até hoxe, os teus comezos e a actualidade. Houbo reticencias familiares?

A miña familia sempre me apoiou, por sorte. Senón non podería estar onde estou hoxe en día. Empecei como dixeran a practicar judo no colexio. Era unha moza talentosa, pero sobre todo gozaba. Cando empecei a competir en categorías infantil e cadete, resulto que se me daba ben. Empecei a adestrar de forma máis habitual e fóra do colexio ou nun club. Aínda así, para min o primordial era que gozaba con iso, e aínda que xa en cadete tiña

varias medallas nacionais non estaba "obsesionada" coa competición. Foi xa en categoría junior, cerca da maioría de idade, que decidín colocar o judo como a miña prioridade. Isto desde entón condicionou a miña vida e as miñas decisións. Non fixen un grande grupo de amigos na universidade, adestraba no canto de xogar ao mus, por exemplo. Aínda así, síntome unha persoa que soubo compaxinar bastante ben o deporte de alto rendemento coa vida social dunha persoa nova. Desde hai dez anos o judo foi a miña profesión, a miña prioridade e ademais dos todos os resultados que me deu (medallas nacionais, un bronce europeo) deume uns valores e unha forma de vida que me encantan.

-Cando entraches e agora mesmo, segue habendo actitudes sexistas cara as competidoras en relación aos homes?

Teño que dicir que o judo é un deporte bastante igualitario, no sentido de que adestramos homes e mulleres xuntos e temos os mesmos premios económicos. Ademais en judo temos grandes referentes femininos, grandes competidoras mulleres. Isto na nosa federación española déixase sentir. Por exemplo a nosa directora técnica é un muller e isto é difícil de atopar. Aínda así, o judo é un deporte maioritariamente masculino, só o 25% das licenzas son de mulleres e todas escoitamos algunha vez "o judo feminino nin é judo nin é feminino"

-Cantas horas dedicas ao adestramento e cantos días por semana?

Fago dez sesións á semana de dúas horas e media. Descanso os

mércores pola tarde, o sábado tarde e o domingo completo. O compromiso dun deportista de alto nivel non implica só as horas estritas de adestramento, debemos coidar a alimentación, o descanso, ir ao fisioterapeuta, ao psicólogo deportivo, viaxar cada mes e moitas outras actividades.

-Combinas estudos e adestramentos? Como podes compatibilizar ambas as actividades?

Sempre o fixen e recoñezo que non foi doado. Necesítase ser moi organizado e ter claro que o queres facer. A familia no meu caso foi importante. De mozo esixíanme pero entendendo a miña prioridade e entendendo que non era unha estudante normal. Tarde en terminar a carreira 6 anos e medio. Son Graduada en Psicoloxía e teño un master en Psicoloxía deportiva. Agora estou a empezar outro master e nunca estiven sen estudar. Ademais da importancia evidente de formarse para o que vén despois da vida deportiva, creo que é importante ter outras cousas nas que centrarse á vez que compites. Pode chegar a ser moi obsesivo e esta ben ter algunha vía de escape.

-En xuño proclamácheste terceira non Grand Slam de Tblisi (Xeorxia). Despois Grand Prix de Zagreb o 15 de xullo e o seis de outubro participarás non Campionato do Mundo en Uzbequistán. Este último puntuable para vos xogos olímpicos de París 2024. Desde a túa perspectiva, como describirías o nivel de preparación e implicación dos e das judocas españolas para uns xogos olímpicos?

A clasificación olímpica en



Grand Slam Tel Aviv 2021

judo empezou no Grand Prix de Zagreb, dura dous anos, contan os 5 mellores resultados de cada ano, isto é unha carreira de fondo. O campionato do Mundo da semana que vén é dos campionatos que máis puntuación dá para esta clasificación. O equipo A de judo é un equipo moi comprometido e é habitual que teñamos bos resultados. O equipo galego en concreto ten un grande nivel, 6 judocas galegos estaremos no Campionato do mundo.

-Cres que se presta suficiente atención a unha disciplina como esta, que se anima a nenos e meniñas para seren futuros judocas ou quedan moitas vocacións fóra?

Sen dúbida falta atención ao judo. Aínda sendo un dos deportes con máis licenzas federativas en España, non se televisa e non é coñecido. Practícase moito nos colexios pero hai un problema coa transferencia para seguir practicando.

-Hai infraestrutura para sacar adiante judocas cada vez mellor preparados?

A infraestrutura en xeral deixa bastante que desexar. Existe un CAR en Madrid algúns CEARs potentes, en Valencia e en Galicia. Pero non existe un equipo nacional

adestrando en conxunto. Existe un moi bo traballo de clubs.

-Actualmente cales son as federacións (dentro de España) que mostran un maior nivel de preparación?

As tres máis potentes son Galicia, Madrid e Valencia. Eu persoalmente teño que dar o parabén á xestión da Federación Galega de Judo. O seu apoio tanto persoal como económico é imprescindible para que esteamos ao nivel que estamos.

-Ves opcións de gañar ti un ouro olímpico?

O judo é un deporte difícil de medir. Non tes unha marca e sabes a que nivel exacto estás. Como dixeran, é unha carreira de fondo. Agora mesmo estou de número 16 dentro da clasificación mundial e espero estar máis arriba en París 2024

-Cal sería o primeiro consello que darías a un ou unha meniña con desexo de practicar judo e chegar ao teu nivel?

Somos fortes e ademais o judo é un deporte no que hai que ser lista e pasalo ben. Os meus consellos para todos os meniños: que goce, que trate aos demais como lle gustaría que lle tratasen a ela e compárase só contigo mesma.

Primeira edición das residencias 'Proxectos creativos esenciais'



Oliver Laxe cos participantes no programa.

O cineasta Oliver Laxe reuniu nos Ancares 16 creadores multidisciplinares procedentes de diferentes puntos de Galicia e do resto de España, así como de Bélxica, Cuba e Venezuela, para participar na primeira edición das residencias de desenvolvemento de proxectos cinematográficos "Proxectos creativos esenciais". Organizada pola Asociación Ser co apoio da Xunta de Galicia, a iniciativa celebrouse na aldea de Vilela, en Navia de Suarna, co obxectivo de asesorar os participantes no proceso de posta en marcha das súas obras cinematográficas, ao tempo que se lles deu a oportunidade de establecer sinerxias cos procesos dos demais participantes.

O encontro celebrouse na Casa de Quindós, antigo fogar familiar do propio Laxe e sede da Asociación Ser, cuxo enclave en plena montaña dos Ancares convértena nun lugar propicio para fomentar a reflexión, a creatividade e o intercambio de ideas.

O retiro de traballo formulouse como un laboratorio creativo, conducido por Oliver Laxe, ao redor das intuicións, as intencións, as ideas e as pulsións que cada participante quere filmar. Ademais, as xornadas de asesoría abordaron distintos aspectos do proceso cinematográfico, desde a escrita de guión, a posta en escena e a xestión interpretativa do elenco, pasando pola produción ou a financiación. O programa incluíu

tamén sesións de meditación e ioga, proxeccións de cine e outra serie de actividades lúdicas e de conexión coas tradicións e traballos do rural.

Oliver Laxe é, xunto a Víctor Erice, o único cineasta español seleccionado en Cannes coas súas tres primeiras películas, e o único premiado en todas as súas participacións. Co seu último traballo, "O que arde", recibiu o Premio do Xurado na sección "Un Certain Regard" de Cannes e competiu nos festivais internacionais máis relevantes do mundo, gañando numerosos galardóns. Laxe, quen tamén dirixiu as películas "Todos vós sodes capitáns" e "Mimosas", traballa actualmente na súa cuarta longametraxe, "After".

A residencia xuvenil aloxa a 74 estudantes



Sete estudantes son de fora de Galicia.

Javier Arias, delegado territorial da Xunta, visitou as instalacións para coñecer como se está a desenvolver a chegada dos rapaces. "A volta á normalidade tras dous anos de pandemia tamén está a marcar o inicio do curso nas residencias xuvenís da Administración autonómica, que prevén retomar as actividades de convivencia igual que facían antes das restricións da covid", subliñou Arias.

En canto ás prazas cubertas, sinalou que 45 residentes realizan estudos de grao -predominan Maxisterio, con 12 alumnos; e Veterinaria e Deseño Gráfico, con 6 cada un. Outros 18 cursan Formación Profesional e 11 están matriculados en BAC.

Ademais, apuntou que destaca a cifra de usuarias mulleres, un 67% (50 fronte a 24 homes). En canto aos lugares de procedencia, Arias explicou que a maioría dos residentes son galegos: 31 de concellos lugueses, 36 doutras provincias e 7 de Madrid, Salamanca e Burgos.

Tamén sinalou que catro das prazas está reservadas para mozas e mozos colaboradores bolsellos, que dispoñen de aloxamento e mantenza gratuítos a cambio de desenvolver labores de dinamización (principalmente de información xuvenil, biblioteca, informática e deporte, entre outras). Arias agradeceulle a súa implicación xa nestes primeiros días, axudando a que todos se familiaricen co centro.

Fai valer os teus dereitos!

Recupera os teus cartos sen provisión de fondos.

881 964 020

· CLÁUSULAS DE CHAN E GASTOS ·

· ACCIÓNS DO BANCO POPULAR ·

Ampliación de capital 2016



PÉREZ - LEMA

Avogados e consultores

Bancario - Mercantil - Penal - Administrativo
Concursal - Laboral - Litigacións en xeral

www.xoanantonperezlema.com Fontán, 4 - 3ºD. 15004, A Coruña

Nova campaña no xacemento de Penas do Castelo, na Pobra do Brollón

A Xunta de Galicia iniciou unha nova campaña no xacemento de Penas do Castelo, unha zona arqueolóxica situada no Concello da Pobra do Brollón incluída no ámbito da Ribeira Sacra. A actuación da actuación dá continuidade aos traballos financiados o pasado ano pola Consellería de Cultura que sacaron á luz unha muralla de seis metros de ancho e catro de alto e permitiron datar a ocupación deste espazo na Idade de Ferro.

Tras o achado do pasado ano, o Goberno galego volve colaborar co Concello da Pobra do Brollón, a Asociación de Veciños e a Comunidade de Montes de Salcedo

para ampliar o coñecemento sobre este espazo coa realización de tres sondaxes manuais nunha superficie aproximada de 55 metros cadrados. A continuación procederá á toma de mostras e a diagnose e consolidación das estruturas que se localicen para garantir a súa conservación.

O proxecto complétase co deseño dun cartel interpretativo para facilitar a visita ao xacemento e a realización dun vídeo con tomas xerais e de detalle que permita divulgar, tamén entre a comunidade local, os resultados dos traballos realizados.

Vinculación coa explotación mineral

Deste xeito, o obxectivo dos

traballos que veñen de comezar é analizar a funcionalidade dun xacemento situado nun entorno moi complicado, encaixado nunha pendente e que probablemente estea vencellado á explotación de mineral, tanto pola riqueza do entorno como polo feito de que o pouco material que ten aparecido son escouras resultantes de traballos de redución do mineral.

O xacemento arqueolóxico de Penas do Castelo sitúase na parroquia de Salcedo, pertencente ao concello lucense da Pobra do Brollón, nun lugar estratéxico entre a Ribeira Sacra e a Serra do Courel pendurado sobre o curso do río Lor e a moi poucos quiló-



Xacemento arqueolóxico en Penas do Castelo.

metros da súa desembocadura no río Sil en Augas Mestas.

Este xacemento atópase no ámbito da paisaxe cultural da Ribeira Sacra e dentro da Reserva da Biosfera Ribeira Sacra e Serras

do Oribio e Courel. Ademais, aparece recollido no inventario de xacementos arqueolóxicos da Xunta de Galicia e incluído no circuito de visitas guiadas ofertadas polo Concello da Pobra do Brollón.

O albergue do Saviñao denominase Aida Menéndez, impulsora do Camiño de Inverno

Alfonso Rueda, presidente da Xunta de Galicia, agradeceu o traballo a prol do Camiño de Santiago que realizan de forma altruísta cada día moitas persoas e que contribúe ao gran éxito da Ruta Xacobeá. "Sen as asociacións de persoas que desinteresadamente e voluntariamente fan promoción ao Camiño, as administracións e a Xunta de Galicia non iríamos a ningún sitio", salientou o mandatario galego na homenaxe á Aida Menéndez, finada recentemente, no albergue de peregrinos do Saviñao que na súa honra levará o nome da veciña de Monforte pero nada en Ourense.

O presidente destacou o esforzo e o traballo de Aida na recuperación e difusión do Camiño de Inverno, unha das dez rutas oficiais entre as que poden elixir os peregrinos cara Santiago. Rueda remarcou algúns dos rasgos diferenciadores deste camiño, como que é a única ruta que atravesas as catro provincias galegas e que segue o curso natural do río Sil.

"Este é o primeiro albergue dos moitos que ten que impulsar



A foto de Aida Menéndez presidiu o acto.

a Xunta de Galicia neste Camiño de Inverno, porque vai seguir medrando, sen ningunha dúbida", subliñou o titular do Goberno galego ao referirse aos datos rexistrados dos peregrinos que camiñaron ata Compostela no que vai de ano. No 2016 desapareceu o número de camiñantes que elixiron a ruta de Inverno, pasando dos 287 aos 1.600 no 2022.

A homenaxeada foi presidenta da Asociación Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra e levou a cabo un intenso labor de es-

tudo sobre a historia e o itinerario desta ruta de inverno. Ademais, colaborou co grupo de historiadores e investigadores que redactou o proxecto de recuperación deste trazado do Camiño.

Alfonso Rueda remarcou o compromiso do Goberno galego co Camiño, investindo 4 M€ desde 2015 no mantemento, roza e limpeza dos viais e coa apertura de albergues coma este, que alcanzan as 34 prazas e que teñen o fin de acadar o máximo benestar para os seus visitantes.

A Xunta incrementa as prazas públicas no centro de día de Fingoi



Centro de Cogami en Fingoi.

A Xunta incrementou as prazas públicas no centro de día de Fingoi, en Lugo, ata chegar a un total de 31. O director xeral de Persoas con Discapacidade, Fernando González Abeijón, visitou as instalacións deste centro de Cogami que neste ano 2022 sumou tres novas prazas financiadas.

O Goberno galego destina anualmente 340.000 euros a financiar estas prazas de atención. O director xeral sinalou que a Xunta segue a confiar en entidades sociais coma Cogami a atención a persoas con discapacidade.

Neste sentido, apuntou que son elas as que mellor coñecen as súas necesidades e saben ofrecer servizos á súa medida.

González Abeijón lembrou que a Xunta segue apoiando ao tecido asociativo galego a través de distintas ordes de axudas. Exemplo diso é a orde de axudas destinada a entidades sociais para a construción ou rehabilitación de centros de atención a maiores ou persoas con discapacidade. Esta novidosa convocatoria xa foi publicada no Diario Oficial de Galicia e está dotada de 13 millóns de euros.

Exposición “Castelao grafista (facsimile)” en Monforte

A exposición “Castelao grafista (facsimile)” chegou a Monforte no Espazo+60 Afundación. Conta con pezas procedentes das coleccións de arte de Abanca e Afundación, componse dunha escolma rigorosa de obras nas que se reflicte a evolución tanto do compromiso ético, social e político de Castelao, como dos seus recursos plásticos e a súa querenza pola ilustración.

Esta exposición enmárcase na iniciativa «Cultura por alimentos» que Afundación leva a cabo en colaboración con FESBAL (Federación Española de Banco de Alimentos) e que pretende achegar alimentos de primeira necesidade aos bancos de alimentos locais. A entidade invita aos visitantes a colaborar con esta iniciativa a través da doazón de alimentos non perecedoiros ao visitar a mostra.

A exposición, que conta con pezas procedentes das coleccións de arte de Abanca e Afundación, componse dunha escolma rigorosa de obras nas que se reflicte a evolución tanto do compromiso ético, social e político do artista



José Tomé, alcalde de Monforte, na exposición.

rianxeiro, como dos seus recursos plásticos e a súa querenza pola ilustración. O seu interese pola palabra e pola imaxe consolidouse nas colaboracións que, a partir de 1924, empezou a publicar en medios como Galicia, Faro de Vigo e Vida Gallega, nas que a ilustración e o texto reflicten a ácida crítica dun Castelao cada vez máis comprometido. Esta forma de arte e denuncia acabaría articulando obras tan relevantes como Cousas da vida (1930) e os álbumes de guerra Galicia mártir (1937), Atila en Galicia (1937) e Milicianos (1938).

No ano 1945, tras case unha

década vivindo no exilio, Castelao rematou o que sería considerado como o seu testamento pictórico, A derradeira lección do mestre, unha tea na que se retoma unha ilustración de guerra elaborada en 1937. Nela, Castelao funde ilustración e pintura en homenaxe ás mestras e mestres asasinados tras o golpe de Estado de 1936.

A mostra reúne facsimiles da Colección de Arte Afundación e debuxos do álbum Cousas da vida de Castelao, dos que pertencen á Colección de Arte Abanca. Ademais, poderanse ver retratos fotográficos, caricaturas, debuxos e portadas de revistas.

Campo de voluntariado na fervenza da Pedriña en Quiroga



O lema deste ano foi “O verán que queres contar”.

Cristina Pichel, directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, destacou a importancia dos campos de voluntariado para conservar contornas naturais. Díxoo durante unha vista ás mozas e mozos que están a poñer en valor a fervenza da Pedriña, no municipio lucense de Quiroga.

Os mozos, con idades comprendidas entre os 18 e os 30 anos e procedentes de Andalucía, Aragón, Castela A Mancha, Estremadura e Madrid remataron a súa convivencia neste campo de voluntariado, que comezou o pasado 28 de agosto. O obxectivo desta iniciativa era o

de realizar un acceso e unir as fervenzas da Pedriña e do Pombar, así como sinalizalas e dotar á primeira como unha zona de baño natural. Así mesmo, traballouse na creación dun vídeo sobre os saltos de auga que hai no xeparque e na dinamización das rutas do concello para promover o chamado Camiño do Inverno.

Estas actividades completáronse cunha programación de ocio e lecer que incluíu a práctica de deportes náuticos, a realización de rutas para coñecer a xeoloxía e arqueoloxía do lugar ou visitas aos museos xeolóxico e etnográfico de Quiroga, entre outras.

Xornadas de formación universitaria para maiores de 50 anos en Monforte

Gloria Prada, tenente de alcalde, inaugurou en Monforte as xornadas “Camiños de coñecemento e experiencia. Proxecto de democratización do coñecemento”, encadradas dentro un programa de formación universitaria dirixido a maiores de 50 anos, froito do acordo que a entidade monfortina estableceu coa Universidade de Santiago de Compostela (USC). No acto estivo acompañada pola directora do Programa Universitario de Maiores, M^a Esther Oliveira Oliveira.

O programa de formación universitaria, que por terceira vez se celebra en Monforte con estas características, estivo composto por diversos seminarios formativos, totalmente gratuítos. Neste senso, cabe destacar o éxito no



As xornadas celebráronse no centro cívico.

número de inscricións, que se cifra en 29 persoas, 14 máis que na edición anterior. Nestas xornadas, púidose inscribir calquera persoa maior de 50 anos, de xeito totalmente gratuítos, e non era necesario posuír ningunha formación previa específica.

A concelleira destacou que

“para o equipo de goberno do Concello e para Monforte é moi importante que se celebren este tipo de xornadas na nosa cidade, dirixidas á nosa poboación maior de 50 anos, que moitas veces non ten nin os recursos nin a oportunidade de acceder a este tipo de coñecementos”.

Amafer homenaxea ós ferroviarios xubilados en Monforte



O alcalde cos homenaxeados no Colexio Ferroviario.

José Tomé Roca, alcalde de Monforte, participou na homenaxe que a Asociación Monfortina de Amigos do Ferrocarril (Amafer) e o Concello de Monforte organizaron no Colexio Ferroviario en recoñecemento a

ferroviarios monfortinos xubilados. Foron 14 os ferroviarios xubilados que recibiron o recoñecemento, que se outorga a aquelas persoas que traballaron no ferrocarril en Monforte, e que superen os 70 anos de idade.

Máis de oitenta persoas fixeron o Camiño Nordés de Viveiro a Oulol

Arrancou dende a explanada da Variante, no porto de Viveiro, a ruta entre vila e Oulol. Una iniciativa enmarcada no Camiño Nordés (de Viveiro a Vilalba) e impulsada pola asociación Camiño Real, encabezada por Antonio Pereiras. A alcaldesa da vila, María Loureiro, uniuse aos



Os camiñantes iniciaron a ruta no paseo fluvial.

máis de 80 participantes que tomaron a saída as 10:00 da mañá.

A rexedora e o tenente de alcaldesa, Jesús Fernández, repartiron entre todos eles mochilas con froita e auga antes de comezar a andaina, así como a credencial acreditativa deste tramo. Tamén participaron na saída os representantes municipais dos concellos polos que transcorre a ruta: O alcalde de Xermade, Roberto García; de Muras, Manuel Requeijo; de Oulol, José Luís Pajón e as alcaldesas de Vilalba, Elba Veleiro e de Viveiro, María Loureiro.

Os camiñantes iniciaron a xornada polo paseo fluvial ata Portochao e logo subiron á Rúanova, en Magazos. As nove persoas

que farano a cabalo saíron do mesmo punto e foron logo pola estrada LU-540 ata a Rúanova. Dende alí, estes últimos colleron cara a Galdo, para acceder ao Malló, Cruz do Pousadoiro e, dende alí, cruzar para chegar ao Campo de Fútbol de Oulol.

Pola súa banda, os camiñantes, dende a Rúanova baixaron cara a Landrove para atravesar o río Landro pola ponte vella, ir ao Cristo, Toxeiras, para cruzar no camiño que sube ata a Redoada; dende alí continuarán cara a Vilares e Merille, para rematar tamén no Campo de Fútbol de Oulol.

Este ruta do Camiño Nordés ten un total de 12 quilómetros e un percorrido de dificultade

media-baixa. Con motivo desta ruta, realizárase un xantar campestre en San Antonio da Xestosa, para o que era preciso anotarse previamente. Neste caso, o desprazamento, unha vez finalizado o xantar, será polos seus propios medios.

Nesta ruta, que se está intentando potenciar, están inmersos os concellos de Viveiro, Oulol, Muras, Xermade e Vilalba. A idea partiu da Asociación Camiño Real, de Muras, coa colaboración da Asociación Cultural Roteiros da Carba e Amigos dos Cabalos de Muras, indicando que xa se teñen realizado os restantes tramos entre Oulol e Muras, Muras e Pepa a Loba, e Pepa a Loba e Vilalba.

A merluza do pincho de Celeiro recibe un premio á excelencia da gastronomía

AFesta da Merluza do Pincho de Celeiro vén de recibir un dos premios á excelencia do turismo e a gastronomía da provincia de Lugo. Concretamente, esta tradición viveirense recibiu o galardón na categoría '...E para comer, Lugo' á gastronomía lucense.

Este premio, que cumpre este ano a súa terceira edición, conta con outras dúas categorías, Lugo Cambia ao turismo lucense e Turismo Sostible. Os galardóns outorgados pola Deputación de Lugo entregáronse nunha gala o día Día Mundial do Turismo.

A candidatura desta festa fora presentada polo Concello de Viveiro, co obxectivo de aumentar o recoñecemento da celebración. “Este premio confirma de novo a relevancia da Festa da Merluza do Pincho de Celeiro, consolidada como un atractivo turístico e gastronómico a nivel galego”, sinala María Loureiro, alcaldesa de Viveiro.

A Festa da Merluza do Pincho de Celeiro pon en valor a este



Imaxe da última festa da merluza.

produto, pescado artesanalmente polos barcos locais. Durante a celebración, prepáranse uns 800 quilos de merluza que se degustan en distintas elaboracións. Ademais, o Concello de Viveiro colabora coa organización da festa.

“Agradecemos o esforzo dos veciños e veciñas, especialmente de Celeiro, e das entidades que colaboran nesta festa cada ano, en especial á ACD Penalba de Celeiro, impulsora da festa, cuxo traballo permite obter este tipo de recoñecementos”, dixo a rexedora.

Persoas con diversidade funcional participarán na mostra de teatro en Viveiro

A concellería de Cultura de Viveiro pon en marcha o programa cultural no Teatro Pastor Díaz para a tempada de outono. A programación propón 12 representacións teatrais ou musicais entre os meses de outubro e decembro. Os xéneros son variados, incluíndo concertos, comedias, teatro familiar ou opcións máis clásicas.

“Para o Concello de Viveiro, o acceso á cultura é unha prioridade de goberno. Por iso esforzámonos en coordinar este amplo programa, que ofrece opcións para todas as idades e gustos”, sinala María Loureiro, alcaldesa de Viveiro.

Ademais, a programación deste

ano está enriquecida nesta ocasión co espectáculo de “Camiño Escena Norte”, unha iniciativa que seleccionou a Viveiro para representar unha obra das pertencentes a este circuíto de teatro do norte de España. Alén desta axenda cultural, o Concello de Viveiro organizará programacións puntuais para conmemorar distintas datas.

“Cabe destacar que Superarte, a mostra de teatro feita por persoas con diversidade funcional, regresará coa súa cuarta edición do 17 ao 23 de outubro, unha proposta que reivindica a importancia da inclusión na cultura”, sinala a concelleira de Cultura, Lara Fernández.

A programación comezará no mes de outubro coa obra de teatro “El Enjambre”, continuando con “Conexión Pingüín” e “Cubo”, esta última dirixida a público infantil.

O mes de novembro iniciárase co espectáculo de monicreques “A Cazola de Lola” e a proposta teatral “Smoke on the water”. Completan o programa do mes o Concerto de Santa Icí da Banda Municipal O Landro e a peza teatral “Continente María”, sobre María Casares.

Por último, no mes de decembro Viveiro gozará dos musicais “Fillas Bravas de Momán” e “Divertimento”. Pecharán o programa os “Seráns Teatrais Pinocús”, o Concerto de Nadal e a Gala de Maxia.

Viveiro recibiu en verán visitantes de carenta países

O Concello de Viveiro fai un balance moi satisfactorio da tempada turística de verán, con visitantes de máis de 40 países que chegaron ao municipio nos meses de xullo e agosto.

“Un ano moi bo, cun incremento de turistas que viñeron a Viveiro en busca de tranquilidade, gastronomía, natureza, praia e actividades como o senderismo”, asegura a alcaldesa de Viveiro, María Loureiro. A concelleira de Turismo, Marisol Rey, apunta que “un total de 42.385 persoas pasaron pola oficina de turismo de Viveiro, e moitas outras utilizaron as novas tecnoloxías para buscar información sobre o noso concello”.

Polo que respecta ao turismo nacional, o primeiro lugar de orixe foi Madrid, pero tamén che-

gou moita xente de Castela León, Castela A Mancha, Cataluña, País Vasco e Aragón. As cifras de turismo internacional rexistraron un elevado número de visitantes franceses, seguidos de Reino Unido, Alemaña ou Arxentina. Tamén notouse este verán un incremento dos peregrinos que pasaron por Viveiro.

Eventos como o Resurrection Fest, a Mostra Folclórica ou as festas patronais congregaron a milleiros de persoas, cunha elevada porcentaxe de ocupación nos hoteis e as vivendas de uso turístico.

A estancia media foi dunha semana e as visitas guiadas tiveron moita demanda, destacando tamén o éxito da pantalla de grandes dimensións que o Concello instalou na oficina de turismo.

Recuperación de zonas afectadas por incendios no Courel

Persoal de diferentes brigadas da Consellería do Medio Rural adscrito ao distrito forestal VIII (Terra de Lemos) realizaron labores de recuperación de zonas afectadas por incendios no Courel. Trátase de traballos de mulching (acolchado) de palla, que se realizaron dacordo coas indicacións dos técnicos especialistas do Centro de Investigación Forestal (CIF) de Lourizán (Pontevedra), que previamente realizaron a inspección, avaliación e localización das áreas de actuación preferente.

O obxectivo principal destes labores, nos que participaron tres brigadas do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios Forestais da Xunta, é o de protexer zonas concretas, para evitar erosións no chan. Neste caso, o plan de traballo abrangueu arredor de 106 hectáreas, fundamentalmente bagoadas e



Traballos realizados no mes de setembro.

terreos da rede de drenaxe das pistas.

Nestas zonas afectadas polos lumes no Courel os técnicos do CIF de Lourizán constataron en xeral unha baixa ou moderada severidade do lume no chan, polo que non existe un risco alto de erosión. Así, na maior parte da área arborada as propias

follas caídas proporcionan protección ao solo e mesmo se están notando rebrotes de vexetación. Ademais, os puntos de conexión entre as ladeiras afectadas polo lume e os cursos de auga conservan na súa maior parte a vexetación sen queimar, o que asegura unha atenuación dos posibles arrastres.

Carenta autores participaron na Feira do Libro de Viveiro

Viveiro celebrou a Feira do Libro 2022 'Movémonos cos Libros', cunha ampla oferta cultural e encontros con diferentes escritores e escritoras. "É unha satisfacción como alcaldesa que Viveiro sexa a capital galega das letras e quero en primeiro lugar agradecer o traballo e o esforzo da Federación de Librarías de Galicia", asegurou na inauguración María Loureiro.

"Grazas tamén á nosa querida pregoeira, Mari Carmen Lage, antiga libreira da Librería Porta da Vila, á pregoeira infantil, Icíá Pérez Giz, e por suposto grazas aos libeiros e libeiras, profesionais dun sector fundamental na nosa sociedade", apuntou.

Dentro da ampla programación destes catro días, o Concello quixo darlle protagonismo aos autores e autoras locais e galegos, ademais de potenciar a pro-



As casetas estiveron abertas nos Xardíns Noriega Varela.

moción da lectura entre os nenos e nenas. Presentouse a publicación "Mar gremial das rías de Viveiro e do Barqueiro", de Vicente Míguez, do Seminario de Estudos Terra de Viveiro.

"Coa celebración desta feira abrimos de novo unha fiestra, a da promoción da lectura e o libro, que para o Concello de

Viveiro é unha prioridade de goberno; durante estes días, asistimos ao encontro entre os 40 escritores e escritoras que participan na feira e os seus lectores, un momento sempre máxico para compartir as experiencias vividas arredor dunha obra literaria", engadiu a alcaldesa.

Por Avelino Jácome

Carlos Santos, Lalín vístese de entropía



A mostra poderá verse ata o 14 de outubro no Auditorio de Lalín (Foto Nardo Seijas)

Todos aqueles que poidan achegarse ao Auditorio Lalínense, sorprenderanse e deleitaranse coa obra do pintor colombiano afincado en Lalín, Carlos Santos, baixo o título de Entropía en Europa. O autor deixa voar a imaxinación nunha viaxe dos sentidos e da cor.

O paso do tempo e a entropía medra ata alcanzar o punto de máxima entropía do universo, o equilibrio da arte. A modo tanto de cuestión filosófica como de cuestión pictórica este concepto recae inevitablemente no paradoxo da orixe do universo, secadra de Europa.

Conceptos co artista fai seus arrastrando nesa deriva emocional aos sorprendidos visitantes, que admiran nun inmenso mosaico de

ideas de 10 x 3 metros, unha creación sorprendente que aviva os sentidos e pon a pel de galiña, pola beleza inmensa que desprende.

Se o tempo levase pasando infinitamente a entropía do universo non tería sentido, sendo ésta un concepto finito crecente no tempo e o tempo un concepto infinito e eterno. Eternidade das Artes deste colombiano que mama de diversas fontes, nunha simbiose perfecta coas xentes do Deza cos seus sentimentos que enriquece o seu ollar de artista namorado da vida e dun xeito diferente de entender a vida.

Un percorrido polos artistas europeos que admira, obras de arte recreadas, representadas e admiradas;

ANTOMS

